

Tróita

Nº 3

Boletín Informativo do Concello de Oroso

Xuño 2013



Oroso é deporte

O deporte orosán vive un dos seus mellores momentos. O ascenso do [Sigu](#) a Primeira Autonómica; a consolidación do [Oroso TM](#) entre os mellores de España, a un paso da Superdivisión Nacional; a clasificación dos alevíns do [Xuventude Oroso](#) para a fase final da [Arousa F7 Cup](#) e os campionatos logrados noutras categorías; os éxitos de veciños como a taekwondista Sofía Zapata, campioa da European Kempo Cup, ou de veciños como Martín Pena, que dá xaque mate a todo campionato que se lle pon diante... son só algúns exemplos. Por iso, o Concello de Oroso mantén o seu compromiso co deporte, mellorando as instalacións deportivas e facilitando a práctica do novas modalidades a cada vez máis veciños. Porque, como ben di o alcalde Manuel Mirás, "o deporte fainos mellores persoas".





Novo chan antideslizante para o polideportivo

O Concello de Oroso inviste 30.000 euros na mellora do polideportivo municipal de Sigüeiro, unhas obras que consisten no pintado do interior e na substitución do seu pavimento por unha nova superficie antideslizante ideal para a práctica de todo tipo de deporte. O concelleiro de Deportes, Luís Rey, explica que "a renovación do desgastado pavimento foi unha petición común de todos os clubs e escolas deportivas que o utilizan". O novo pavimento será antideslizante, de alta resistencia e ideal para a práctica de calquera modalidade deportiva. O pavillón estará pechado ata o remate das obras, previsto para o 16 de xuño.

O Concello inviste uns 30.000 euros nesta mellora no polideportivo, que volverá abrir a partir do 16 de xuño

Aberta a inscrición nos programas de conciliación



O Concello de Oroso vén de abrir o prazo de inscrición nos seus programas de conciliación da vida familiar e laboral. A ampla oferta veraniega inclúe os tradicionais Diver Verán (do 25 ao 28 de xuño) e Verán Lúdico (xullo e agosto, por quincenas), así como un campamento de verán en Porto do Son (do 14 ao 21 de agosto). Para o curso escolar, está aberta a inscrición no Bos Días Cole (canguraxe ata a entrada no cole) e Tardes Diver-tidas (actividades para as tardes, de 15:45 a 20:30 horas). Ademais, o Concello mantén o seu compromiso coas familias de manter o servizo de comedor escolar (programa Bo Proveito) ata a apertura do novo colexio.



O Concello acomete melloras nos locais dos maiores



O Concello de Oroso está a realizar melloras nos locais dos maiores en Sigüeiro, que antes albergaron as dependencias provisionais do servizo de pediatría (o que mellorou a atención aos nenos e nenas ata a apertura do novo centro de saúde). Agora estanse eliminando algún tabique daquelas consultas para ter unha ampla sala polivalente para os nosos maiores.

Escola de Verán 2013

Desde o 24 de Xuño ao 06 de Setembro

Flexibilidade de horarios: ti escolles cando queres vir

de luns a venres de 19:30 a 20:30 h.

Para máis información:

www.orosom.es
Teléfono: 636793116 / 88643556
Mail: orosoch@orosom.es

COLABORAN: Kras, Deputación da Coruña, galicia, DEPORTE BALEGU

Verán Lúdico 2013

CELEBRAN: 7 de xullo a 10 de xullo / 14 de agosto a 17 de agosto

EXPOSICIÓN

MARÍA DEL CIELO MARCOS GÓMEZ E MARÍA ESTER IGLESIAS BELLO

DO 1 AO 15 DE XUÑO

CENTRO CULTURAL FERNANDO DE CASAS E NOVOA

Hockey Xogos Talleres Patinaxe Shows

- Patinaxerías de Sigüeiro
- Do 1 de xullo ao 15 de agosto (repartido en 3 quincenas). Merenda diaria incluída
- 80€ por quincena. Desconto 50% por varias quincenas, por límites (consultar) inclúe seguro
- Idades de 4 a 16 anos. Horario luns a venres de 8:30 a 14:30
- Inscripción: Oficina Centro Deportivo de Sigüeiro

COLABORA OROSO

veransobrerodas@gmail.com
666437507 660189536



Rematadas as obras de reurbanización do Xuncal

O Concello de Oroso vén de rematar as obras de reurbanización da [rúa Xuncal](#) (Sigüeiro), uns traballos orzamentados en 140.450 euros e que permitiron mellorar moi significativamente un dos principais accesos ao centro da vila. A simple vista, o máis chamativo é a nivelación das beirarrúas, xunto á nova disposición dos sistemas de aparcamento (en liña en ambas beiras) e o novo aglomerado do firme. Pero tamén é moi importante o que non se ve: o novo sistema de saneamento e recollida de pluviais, o que porá punto e final aos malos cheiros que se producían nesta rúa de cando en vez. Ademais, coa fin das choivas comezaron tamén as obras na rúa do Portiño. Neste caso, o Concello investirá 76.500 euros na finalización da reurbanización desta rúa, concretamente entre os números 9 y 23. Un tramo no que se construírán beirarrúas de 2,5 metros de ancho, para as cales xa se está a rematar un muro de contención. As obras estarán rematadas nun prazo de 4 meses.



As obras incluíron nivelación de beirarrúas, novo saneamento e novo aglomerado, con aparcamento en liña



Psicotroita II A vinganza: cita imprescindible para a mocidade

O festival [Psicotroita II, a vinganza](#) terá lugar os próximos días 21 e 22 de xuño na alameda de Góis (Sigüeiro) e reunirá á mocidade orosá e de toda a contorna para disfrutar de dous días de ritmo, vatios e moita festa. Tras o éxito acadado na edición de 2012, o Concello de Oroso volve colaborar na organización desta segunda edición con Tremendo, laboratorio de formas audiovisuais. E os "compinches" que escolleu o monstro Psicotroita para este segundo asalto garanten música e troula a esgalla en Sigüeiro: [O Caimán do Río Tea](#), [Samesugas](#), [Yakuzas](#), [Tony Lomba](#), [Camarada Nimoy](#), [Familia Caamagno](#), [The Fuzzbombs](#), [Bigote Mix](#), Dj De Lata... A asistencia é libre e de balde. Haberá carpa e mesmo zona para acampar.

A Psicotroita conta coa colaboración do Concello de Oroso

laboración na organización desta segunda edición con Tremendo, laboratorio de formas audiovisuais. E os "compinches" que escolleu o monstro Psicotroita para este segundo asalto garanten música e



Foi noticia...

A Festa da Troita, o mellor investimento lúdico, cultural e hostaleiro en Oroso

A [XVII Festa da Troita](#) foi todo un éxito. As máis de [35.000 persoas](#) que visitaron Oroso durante eses tres días demostran que a Troita, ademais do seu potencial lúdico e cultural, é un dos mellores investimentos que se poden facer hoxe en día no noso municipio. O esforzo económico dos 34 establecementos hostaleiros que participaron na [degustación gratuita](#) de troitas viuse recompensado: o cheo era case absoluto, o que lles supuxo unha importante achega nuns tempos de crise económica. "De cada euro que investimos na organización da [Festa da Troita](#), Oroso recupera seis, polo que está claro que esta festa non é un gasto, senon un investimento", explica o alcalde Manuel Mirás. Un éxito no que ten moito que ver o traballo realizado polo Concello de Oroso para manter un programa atractivo, aforrando un 50% con respecto a épocas anteriores, e para que a Troita sexa hoxe en día a única [Festa de Interese Turístico](#) da contorna, o que atrae a Oroso a un bo número de persoas de todas partes de Galicia.



O Concello achegou o mundo do [voluntariado](#) aos 240 rapaces e rapazas do IES de Oroso. Unha [actividade](#) na que participaron asociacións locais como [Protección Civil](#), [Cruz Vermella](#) ou [Andaina](#).



Os trinta nenos e nenas de entre 2 e 3 anos da gardería municipal participaron nunha nova edición do [Programa de Educación Viaria](#). Os peques aprenderon o significado das sinais de tráfico.



O Voluntariado Oroso comeza a dar os seus froitos. Ao gran éxito da [recollida de roupa e alimentos](#) feita na gardería hai que engadirlle iniciativas como este [curso de español](#) para inmigrantes.

Axenda: Xuño

11 Fin inscrición Bos Días Cole e Tardes Divertidas

14 Festival da Gardería. Centro cultural (18 h.)

Fin inscrición Bo Proveito e Diver Verán

15 Mostra Mª del Cielo Marcos e Mª Esther Iglesias

dende 16 Exposición de pintura [Francisco Pérez Alonso](#)

21 Psicotroita

22 Psicotroita

24 Inicio Escola de Verán Oroso Tennis de Mesa

25 Fin inscrición Campus de Verán do RC Celta

25 Diver Verán

26 Fin inscrición Verán Lúdico // Diver Verán

27 Diver Verán // Fin inscrición campamentos

28 Diver Verán

1 Campus de Verán do RC Celta de Vigo